



CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
Tlf. 886 15 18 98

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 5º 2019/2020

CENTRO:CEIP DE SESTELO BAIÓN
CURSO:5 º E.P.
MATERIA: MATEMÁTICAS
DATA: 12-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baión@edu.xunta.es

Tlf. 886 15 18 98

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo.baion@edu.xunta.es

Tlf. 886 15 18 98

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
MT-B1.1-Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	5º-MTB1.1.1-Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais. [CMCT CAA]
MT-B1.2-Coñecer algunhas características do método do traballo científico en contextos de situacións problemáticas a resolver.	5º-MTB1.2.1-Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso. [CMCT CAA]
MT-B1.3-Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	5º-MTB1.3.1-Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso. [CMCT CSIEE CAA] 5º-MTB1.3.2-Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas. [CMCT CAA CCL]
MT-B1.4-Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	5º-MTB1.4.1-Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. [CMCT CAA CSIEE]
MT-B1.5-Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras.	5º-MTB1.5.1-Iniciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes. [CMCT CAA CSIEE]
MT-B2.1-Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	5º-MTB2.1.2-Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. [CMCT CAA CCL]
MT-B2.2-Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	5º-MTB2.2.1-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. [CMCT CAA CCL]

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo.baion@edu.xunta.es

Tlf. 886 15 18 98

	5º-MTB2.2.2-Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros [CMCT]
MT-B2.3-Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	<p>5º-MTB2.3.1-Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.3.2-Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.3.3-Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal. [CMCT]</p>
MT-B2.4-Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	<p>5º-MTB2.4.1-Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.4.2-Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. [CMCT CCL]</p> <p>5º-MTB2.4.3-Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias. [CMCT CAA]</p>
MT-B2.5-Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	<p>5º-MTB2.5.1-Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.5.2-Realiza operacións con números decimais. [CMCT]</p>
MT-B2.6-Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma,	5º-MTB2.6.1-Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta,

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo.baion@edu.xunta.es

Tlf. 886 15 18 98

<p>resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</p>	<p>multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. [CMCT CAA]</p> <p>5º-MTB2.6.2-Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.6.3-Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.6.4-Calcula os primeiros múltiplos dun número dado. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.6.5-Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.6.7-Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras. [CMCT]</p> <p>5º-MTB2.6.8-Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. [CMCT CAA]</p> <p>5º-MTB2.6.9-Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta. [CMCT CAA]</p>
<p>MT-B2.7-Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>5º-MTB2.7.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. [CMCT CAA CCL CSIEE]</p> <p>5º-MTB2.7.2-Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo.baion@edu.xunta.es
 Tlf. 886 15 18 98

	<p>problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo. [CMCT CAA CCL CSIEE]</p>
<p>MT-B3.1-Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p>	<p>5º-MTB3.1.1-Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada. [CMCT CCL CAA]</p> <p>5º-MTB3.1.2-Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. [CMCT CAA]</p>
<p>MT-B3.2-Operar con diferentes medidas</p>	<p>5º-MTB3.2.1-Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. [CMCT]</p> <p>5º-MTB3.2.2-Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa. [CMCT]</p> <p>5º-MTB3.2.3-Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. [CMCT]</p> <p>5º-MTB3.2.4-Compara superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición. [CMCT]</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Avaliarase a o alumnado seguindo os resultados das avaliaci3ns do primeiro e do segundo trimestre, de maneira continua e global. Igualmente, terase en conta a actitude de motivaci3n, implicaci3n e esforzo do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, sempre con car3cter positivo, ademais da s3a evoluci3n dende a avaliaci3n inicial ao principio de curso.</p> <p>Os procedementos utilizados partir3n da observaci3n directa e sistem3tica a trav3s das actividades realizadas polo alumnado na aula durante os dous trimestres anteriores, os resultados das probas escritas, a consecuci3n das competencias clave, resultados obtidos da realizaci3n de proxectos de aula, traballos en equipo, tarefas integradas e a revisi3n dos cadernos dos alumnos/as.</p> <p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -R3brica de consecuci3n de competencias clave. - Listas de cotexo -Probas espec3ficas: orais e escritas. -Caderno individual. -Traballos, tarefas integradas ou proxectos.
Cualificaci3n final	<p><u>Procedemento para obter a cualificaci3n final de curso:</u></p> <p>-1ª Avaliaci3n: computar3 un 45% do total da cualificaci3n final do curso.</p> <p>-2ª Avaliaci3n: computar3 un 45% do total da cualificaci3n final do curso.</p> <p>-3ª Avaliaci3n: valorarase a realizaci3n das tarefas encomendadas durante o per3odo de atenci3n educativa non presencial cun 10% do total da cualificaci3n final do curso. Faise constar que durante esta avaliaci3n traballaranse na recuperaci3n e reforzo dos est3ndares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas d3as primeiras avaliaci3ns.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, eno seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de repaso: Propóñense a diario actividades de repaso dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial, a través da plataforma Agueiro. Serán exclusivamente dos contidos que o titor considere que a maioría dos/as alumnos/as chegasen a interiorizar e comprender correctamente. - Actividades de ampliación: Para o alumnado que se considere que é capaz de realízalas ou que ten superados os estándares de aprendizaxe dos trimestres anteriores. - Actividades de reforzo: Para o alumnado con dificultade na adquisición dos estándares propostos no primeiro e segundo trimestre. - ACS: Seguirase o mesmo procedemento co alumnado que está a traballar coas adaptacións curriculares. <p>Algunhas das actividades propostas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Visualización de vídeos explicativos e lúdicos. - Tarefas integradas colaborativas. - Traballo individual: fichas, actividades interactivas, retos matemáticos, lecturas comprensivas de problemas, xeroglíficos numéricos, busca de información... - Participación en videoconferencias. (pregunta-resposta, chuvia de ideas, cancións, xogos, ...)
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía será activa e participativa, potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).</p> <p>Todo o alumnado do curso ten conectividade, polo que se fomenta a metodoloxía baseada no uso das tecnoloxías e desenvolvemento da competencia dixital para adquirir as demais competencias.</p> <p>A metodoloxía proposta promove a consolidación de aprendizaxes significativas a través de actividades motivadoras, de ánimo e superación das circunstancias actuais.</p> <p>Traballaranse as intelixencias múltiples e rutinas de pensamento como forma de abordar a diversidade do alumnado.</p> <p>A metodoloxía será personalizada, coa revisión das tarefas, resolución de dúbidas e o feedback correspondente. como forma de asegurar a aprendizaxe do alumnado.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Recursos materiais: Materias subidos á plataforma Agueiro. Diferentes recursos educativos audiovisuais, descargables...</p> <p>Plataformas e ferramentas específicas: Explicacións empregando aplicacións como Whiteboard.fi, Canal de youtube, espazo abalar, Kahoot, Edilim, Powtoon, Office 365, Cerebriti, Genially, Neardpod, Audacity, etc...</p> <p>Recursos humanos: profesorado de aula (titores/as e especialistas) , departamento de orientación e a mestra do programa REFÓRZA-T solicitado para a atención deste curso.Tamén se precisará a colaboración familiar no desenvolvemento dalgunhas actividades.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es

Tlf. 886 15 18 98

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	1. Procedemento empregado de información as familias é: <ul style="list-style-type: none">- Páxina web do centro.- Correo corporativo.- Formularios ás familias (Office 365)- Plataforma abalar (Abalarmóbil)- Chamadas telefónicas individualizadas- Aplicación Webex 2. Procedemento empregado para informar ao alumnado é: <ul style="list-style-type: none">- Plataforma Agueiro- Mensaxería Agueiro- Aplicación Webex
Publicidade	Darase publicidade ás familias a través da páxina web do centro.